

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 90

ano 15

setembro-outubro 2020

BARREIROS: O MOTOR DE OURENSE

Barreiros Diésel, S.A. foi unha das empresas máis destacadas das xurdidas en Ourense. Fundada en 1954 por **Eduardo Barreiros Rodríguez** en sociedade cos seus irmáns, mantivo a súa actividade ata 1978 e chegou a converterse nunha poderosa industria dedicada á produción de motores, camións, tractores, autobuses e automóviles que se exportaron por todo o mundo.

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense conservamos documentación de varias sociedades creadas por Eduardo Barreiros ao longo da súa traxectoria empresarial, así como un expediente da empresa de transporte de viaxeiros fundada polo seu pai. No documento que protagoniza este número de *Fronda*, a empresa **Barreiros Diésel** solicita a súa cartilla profesional para fabricar "**motores y tractores**".

Estas solicitudes eran xestionadas polo **Servizo Provincial de Encadramento e Colocación de Ourense**, que fora creado a partir do Servizo Nacional de Estadística e Colocación, e que dependía da Organización Sindical franquista. Hai que lembrar que a afiliación sindical foi obrigatoria en España desde o ano 1942 ata a disolución dos sindicatos verticais tras a morte de Franco. O Sindicato do Metal, no que se encadra o sector do automóbil, foi un dos 28 **Sindicatos Nacionais (SN)** que se estableceron para velar polo cumprimento das normas e para ocuparse das relacións entre o Estado e o mundo laboral. Cada un destes SN abarcaba todo o proceso das distintas actividades produtivas e dividíase en sectores, como o de *Construcciones Mecánicas* que aparece neste documento.

En 1960, data en que solicita a **cartilla profesional**, Barreiros aínda non dera o paso para se converter na primeira industria de produción de motores de España. Será arredor de 1966 cando preto de 25.000 persoas traballen para esta compañía ou para algunha das súas industrias auxiliares. Aínda que a partir de 1952 se trasladan a Villaverde (Madrid) para ampliar a súa produción, a empresa Barreiros nunca deixou de ter presenza en Ourense, primeiro na capital e logo instalada no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, no que permanecerá incluso despois de que a entidade deixe de pertencer á familia que lle deu nome.

A empresa creada por Eduardo Barreiros tampouco

descoidou nunca a dimensión publicitaria do negocio. Así, Barreiros patrocinou distintos eventos da época e en 1958 sacou á rúa o 1º número da **Revista Barreiros Diésel**, que en 1965 pasaría a chamarse *Boletín Barreiros Diésel*. Na biblioteca auxiliar do noso Arquivo custodiamos varios números da primeira destas revistas publicitarias, onde incluían novas da empresa, do seu persoal e dos produtos que tiñan no mercado.

A) NOMBRE Y ACTIVIDAD DE LA EMPRESA	
1) Empresa.	2) Actividad
BARREIROS DIESEL S.A.	F. Motores y Tractores

B) DOMICILIO DE SUS OFICINAS Y CENTROS DE TRABAJO		
3) Oficinas. Localidad	4) Calle y número	5) Teléfono
Cardenal Quevedo ORENSE	Cardenal Quevedo nº 71	2226
6) Lugar de trabajo. Localidad	7) Calle y número	8) Teléfono
Ourense	Cardenal Quevedo nº 71	2226

C) ENCUADRAMIENTO SINDICAL		
9) Sindicato	10) Ciclo-Sector	11) Grupo-Subgrupo
Metal	Construcción Mecánica	Automóviles

D) DATOS DE AFILIACIÓN A LA SEGURIDAD SOCIAL	
SEGUROS SOCIALES UNIFICADOS I. N. P.	N.º patronal 32/5.054
Mutualidad Laboral Sidero-Metal	N.º patronal 34/194
Entidad aseguradora de accidentes de trabajo Cia. Lepanto S.A.	N.º de póliza 1.280.083/33

Este impreso deberá rellenarse a máquina o en letra de imprenta.

1960, xullo, 20, Ourense

Solicitud de cartilla profesional da empresa **Barreiros Diésel, S.A.** dirixida ao **Servizo Provincial de Encadramento e Colocación**

AHPOu, Delegación Provincial da Organización Sindical de Ourense, C. 4475/43.

Un adiantado á súa época

Eduardo Barreiros Rodríguez (Nogueira de Ramuín 24/10/1919- A Habana 19/02/1992) foi un adiantado á súa época que, partindo dunha orixe humilde, chegou a ser un dos maiores empresarios do sector automobilístico.

Traballador infatigable, empregouse desde ben novo como revisor na empresa familiar de transporte de viaxeiros que cubría as liñas entre as localidades de Luíntra, Os Peares, Ferreira de Pantón e Ourense. Na mesma época empezou a traballar como axudante de mecánico nos *Talleres Arce* da cidade das Burgas.

En 1939 monta o seu propio taller, onde comeza a reconstruír autobuses para utilízalos na liña de transportes da familia, ao tempo que se inicia na venda de automóviles. Uns anos despois, en 1945, véndese a empresa familiar e Eduardo funda **BECOSA** (*Barreiros Empresa Constructora, S.A.*). Con esta sociedade opta a contratas de construción e arranxo de estradas de Ourense e doutras zonas de España. Nestas obras empregan maquinaria e vehículos que fabrican eles mesmos.

En 1949 comezan coa que será unha das claves do seu éxito empresarial, a "**dieselización**", é dicir, a transformación de motores de gasolina en motores diésel co fin de empregalos en vehículos que utilizan nas obras de construción que lles adxudican. Ao pouco tempo trasládanse a Villaverde (Madrid), para seguir fabricando e vendendo os motores modificados.

Patentada a idea da "dieselización", todos os irmáns de Eduardo incorpóranse á empresa en 1951. Pouco tempo despois, fundan **Barreiros Diésel, S.A.** e crean daquela o primeiro dos motores de tecnoloxía Barreiros, o **motor EB6**, ao que seguirán outros moitos na historia desta compañía. Dedicáanse a producir motores para os automóviles propios e alleos e a fabricar vehículos industriais, camiós civís, camiós para obras, tractores, furgonetas... Rachan o monopolio de ENASA (*Empresa Nacional de Autocamiones, S.A.*) na fabricación de camiós e conseguen facerse co 11% da cota do mercado español e con máis do 56% das exportacións.

Eduardo Barreiros foi ademais un pioneiro na **venda a prazos** dos seus produtos, e con esa finalidade creou **MOSA** (*El Motor Nacional, S.A.*) para que a súa clientela puidese adquirir e pagar a prazos os produtos que fabricaba. Tras a unión con **Chrysler** en 1963, Barreiros introduce no mercado do automóbil os modelos **Dodge Dart** e **Simca 1000**. O primeiro deles, de alta gama, non acadou o éxito esperado e acabou levando a empresa á ruína.

En 1969 os irmáns Barreiros venden as súas accións na compañía. Entón, Eduardo dedicouse durante unha tempada aos sectores gandeiro, adegueiro e inmobiliario ata que en 1980 creou, xa en solitario, **DIMISA** (*Diésel Motores Industriales, S.A.*). Dous anos máis tarde patentou o seu último motor, o **Taíno**, que se ía fabricar en Cuba, onde se asentara desde había un tempo.

A Organización Sindical Vertical

O expediente que ilustra este número de *Frontera*, pertencente ao fondo da **Delegación Provincial da Organización Sindical de Ourense**, recolle a relación nominal das 77 persoas que compoñían a nómina da empresa *Barreiros Diésel S.A.* con domicilio en Cardenal Quevedo nº 71 (Ourense). Aparecen tamén sinaladas as súas distintas categorías profesionais (xefe de taller, oficial de 1ª ou 2ª, especialista, auxiliar administrativo, mecánico especialista, etc.) e a liquidación que corresponde á sociedade en concepto de "Seguros Sociales, Cuota sindical y Formación profesional" para a "Mutualidad Laboral de Siderometal".

E) PLANTILLA NUMERICA DE SU PERSONAL												
APRENDICES		CALIFICADOS						NO CALIFICADOS				TOTAL
Aprendices		Técnicos		Administrativos		Especialistas		Peones especialistas y subalternos		Peones		Plantilla
H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H
14	—			6	—	19	—	5	—	2	—	46

Cadro de persoal da empresa Barreiros datado no 20 de xullo de 1960 nun expediente do Servizo Provincial de Encadramento e Colocación. AHPOu, Delegación Provincial da Organización Sindical de Ourense, C. 4475/43.

Trátase dunha documentación moi valiosa para o estudo da historia e das relacións sociolaborais da provincia durante o réxime franquista e a Transición. Hai que lembrar que por esas datas en España existía un único sindicato, a **Organización Sindical Española** (1940-1977), **sindicato vertical** vencellado ao partido único *Falange Española y de las JONS* que conformaban o **Movimiento Nacional**. Tiña carácter corporativo e dependía do Estado. Na Organización Sindical coincidían patróns, técnicos e obreiros, co que se evitaba calquera conflitividade no eido laboral.

A comezos da Guerra Civil ilegalizáronse os sindicatos de clase e estableceuse unha nova orde nas relacións laborais, unha estrutura sindical vertical xerárquica que integraba a todos os actores do proceso produtivo. A súa finalidade era evitar a loita de clases. A partir dese momento os sindicatos agrarios, industriais e de servizos divídense por ramas de actividades a nivel territorial e nacional.

O fondo da Delegación Provincial da Organización Sindical ingresou no Arquivo en 1979. Nel atopamos información sobre a actividade deste organismo na provincia de Ourense e sobre os seus distintos segmentos. Entre as series de documentación que se conservan destacan as que informan dos campos laboral e empresarial: censos laborais, libros rexistro de empresas, expedientes de eleccións sindicais, boletíns de solicitude de cartillas profesionais, etc.

Texto: Mar Ordóñez Reboiras. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491